



## *Antón Patiño (Agosto de 2005)*

*Benqueridos monfortinos, un saúdo a todos, extensivo ademáis a toda a chea de xente que ven de fóra a celebrar as vosas Festas. Boavinda a todos neste pregón inaugural que dá comezo ás Festas desta fermosa vila de Monforte de Lemos.*

*Momentos que van ser (a bó seguro) de intensa festa rachada para moitos.*

*O meu pai, Antón Patiño Regueira pide que o disculpen, non puido vir e mandoume a mín. Sirva iste pregón tamén de homenaxe e agarimosa lembranza súa (agora que xa marchou coa "maioría": coma dín nalgún deses pobos chamados primitivos). Istes días próximos imos presentar un libro cunha escolma dos seus poemas adicados a Monforte, a súa xente e a todo o Val de Lemos, ao que estades invitados. Sentiu sempre por esta terra un gran aprezo.*

*Coido tamén que é iste un bó momento para enviar un agarimoso saúdo a Francisco Suárez, un seu amigo e conveciño voso, amigo íntimo tamén do meu abó "O Xeneral" Manuel Pérez Moreiras. Paco Suárez é o máis veterano republicano do lugar e se cadra tamén un dos habitantes de Monforte de meirande idade. Alomellor o decano*



da vila. Coido que debe andar polos 97 anos: o que dá idea da boa madeira da que están feitos estes vellos republicanos. Merecente sen dúbida dunha grande homenaxe: pola súa fonda humanidade, nobleza, dignidade e coherencia. Paco Suárez irmao do escritor Marcial Suárez, do extraordinario fotógrafo Xosé Suárez e d' O Piernas de Allariz (pai dos Suárez Canal). Toda unha saga familiar como vemos, que ten feito moito por Galiza.

O que ofrece Monforte na Festa Maior ademais do propio contorno de seu, da beleza da cidade, o lendario río Cabe, dos xardíns, da importancia da súa historia e do notábel patrimonio artístico, da súa gastronomía e dos viños: cousas todas das que podemos disfrutar ao longo de todo o ano. Monforte vai ofrecer nesta súa Festa Maior un curioso proceso de transformazón: neste tempo das festas por momentos a cidade vai semellar unha pequena Manhattan do Val de Lemos. A poboazón vaise incrementar por dez. O trasego da moitedume é impresionante e vai contrastar coa apacibel tranquilidade do resto do ano. Os aparcadoiros insospeitados medran en leiras e solares baldeiros para poder dar acollida a tanto coche. O rebumbio dos paseos que van estar ateigados de moreas de xente. Unha moitedume



a celebrar a ledicia dun anovado reencontro popular. Como se fose unha imprescindible, necesaria e mesmo obrigada cita anual. O que dá idea do éxito de cada nova convocatoria festeira. Configurando un río de xente. O bule-bule dos faladoiros e os encontros de vagar. As concurridas atraccións para os pequenos que son quizáis os que máis disfróitan. Aínda que se cadra esa enerxía invisíbel pero poderosa do erotismo vai facer a súa chamada libidinal máis intensa cara os que andan pola adolescencia. Aquí pásano ben os cativos, os mozos e os maiores. Como rezaba a publicidade antiga das historietas gráficas de Tintin: dos 7 aos 77 anos (límite temporal que cómpre hoxe ampliar afortunadamente, pola esperanza de vida). Nunha breve escolma da música que acompañou istas festas lembre por eiquí pasaron bandas de música e grupos moi coñecidos; ou contacontos xeniais coma Quijo Cadaval o pasado ano. Persoalmente recordo as lendarias actuacións de Radio Océano (aínda relembro a actuación do amigo monfortino Josito Pereiro que daquela se facía chamar Jonhí Rotring cunha entrega total no escenario e ao tempo o meu abó dicíndome ao ouvido: ; De verdade, dis que o cantante é de Monforte? (cunha certa e mesmo comprensíbel perplexidade). Xosé Manuel S.



*Pereiro ía conseguir coa súa teima patriótica local que os camaradas roqueiros de Siniestro Total, que tamén tiveran por certo actuación noutra vran nas festas do pobo, popularizaran aquela canción tan coñecida que leva o estribillo de: ¡¡¡ Aunque no te importe no somos de Monfooooooooooorte !!! Ainda hoxe vinte anos despois daquela canción teño que dar explicacións en moitos sitios da orixe daquela letra de Siniestro Total. Ainda non hai moito dicía Julián Hernández de S.T. nunha entrevista (se cadra para tentar desfacer o equivoco): "Desgraciadamente no somos de Monforte." [Confesando a súa frustración: ¡ Pero é que non se pode ter de todo! ]*

*Falando do meu pai, Antón Patiño Regueira decírvos que quixo ser eiquí coma escribe no remate dun seu poema "Trobador en Monforte". Foi tamén disciplinado "peregrino de viños amandiños". Ben coñecida a súa entrega decote aos mencias da zona, aos que lle fixo moitos cantos líricos. Tamén lle ten feito poemas a Antonio da "Taberna do Mario" (no vello Pivolas): onde montou despacho e case lle acaba coas servilletas nas que escribía os seus versos. Servíulle tamén de inspirazón o contorno do bar A Capela en Carude. Ao río Cabe adicou asemade outros moitos*





*versos. Fixo unha manchea de amigos porque foi un bón sementador de afectos, e o libro dos seus poemas dos que vos falaba denantes vai dar boa conta deste feito.*

*Tería que lle dar a verba a il para que rematara coas súas propias palabras. Como as distes versos dun poema chamado "En folganza..."*

*O Cardenal as dez da mañán, voan vencexos...*

*e pola rúa pasan para o mercado e a praza,*

*outros encetan saídos, lerias, conversas que fan tertulias!*

*Ou o poema titulado: **MONFORTE DOS ENSONOS***

*Terras monfortinas...*

*labradas por centos de séculos,*

*de ribeiras a sucabcos,*

*e bós viños de misar en Roma!*

*Cañón do Sil, silvante, ouveante,*

*vellas cepas de viños mencíos,*



*no acado de verdores ata o Ceo,  
e afamados músicos en Sober!*

*Andantes de esperanzas...*

*camiños con encostas e voltas,  
cubertos de silveiros e arboredo,  
suores, doores, pés enchagados!*

*Ai! deste vello soñador...*

*cando as augas limpas do Cabe,  
ofrecían a beleza das sireas...  
en sumerbulle, nadando entre Pontes!*

*Con escamas de prata fina...*

*na Ponte romana agardaban ó coidador,*

*lle deran mazapán adulzado ao xerez,*

*seu ENRIQUE DE LA FUENTE amaestrador!*



*Faxiron... das augas contaminadas,*

*con tristura... as sireas abadas,*

*¡Monforte perdeu seu grandeiro encanto,*

*e outros moitos idos no esquecemento!*

*¡Bota viño Mario...*

*onde enxoagar salgadas bágoas,*

*e den esquecemento a iste corazón avariado,*

*¡Onde andarán as SIREAS... que tanto embelecían a MONFORTE?*

### ***MERENDA Ó BORDE DO CABE***

*¡Que ben senta a empanada de zorza á beira do río...*

*adobada de ourego e tomillo, allos, ou cebolas con touciño;*

*viño tinto de Amandi en xerras de Gundivós!*

*Na quentura do vran e ás beiras do río Cabe...*

*antre o lusco fusco... frescuras de groria...*



*e as sabenzas de empanadas aforradas na Salomé!*

*[Non poden faltar os viños de Amandi, de Sober, de Espasantes... e de toda a Ribeira Sacra]*

*Amandi e os socalcos dos arxos vai ser o fermoso título doutro poema:*

*Vágoas amandiñas,*

*sarmentos meciós,*

*cava e bó tempo,*

*SAÚDE e bon proveito!*

*Ou estes outros de "Lembrando a Monforte": tan axeitados para istas datas e para poñer se cadra bó remate a iste pregón.*

*Agosto e Monforte casaron sempre moi ben...*

*vestimenta de festas, vecindario aumentado por dez...*

*fan de Monforte a vila máis variopinta de toda Galiza!*

*Hoxe moitos foguetes, música arreo e corpos lixeiros*





*e que a noite se xunga coa madrugada*

*¡Cante a Papuxa!*

*¡Corra o viño!*

*Que rachen os estrondos dos foguetes ó Ceo*

*que cale este orador...*

*para a FESTA lle vai millor!*

*Moitas Grazas*